



C O N C E L L O
DE
M O E C H E
(A CORUÑA)

Núm.

ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE MOECHE O DIA 18 DE FEBREIRO DE 2015

No Salón de Sesions da Casa do Concello de Moeche, sendo as 19 horas 30 minutos do día 18 de febreiro de 2015, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Xulio Cribeiro Garcia, reunense os Srs./as Concelleiros/as que se citan:

- D. Roberto Bouza Sedes.
- D. M^a Luz Lopez Lopez
- D. M^o Pilar Carballal Pita
- D. Beatriz Bascoy Maceiras
- D. Jorge Juan Brañas Castro
- D. Magin Fernando Lago Tuimil
- D. Jorge Gonzalez Aneiros
- D. Aquilino Sueiras Dopico

Asistidos da Secretaria da Corporación D. Consolación Couce Calvo, co obxecto de celebrar sesión ordinaria para a que foron previamente citados, constando en Secretaría o recibí de citación á sesión por parte de tódolos membros que o compoñen.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos, conforme á orde do día que figura na convocatoria de citación á sesión

1.- APROBACION, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIONS ANTERIORES

O Pleno por unanimidade prestou a súa aprobación as actas das sesións que se indican:

- Ordinaria de 17 de decembro de 2014.
- Extraordinaria de 29 de decembro de 2014.

Queda pendente de aprobación a correspondente a sesión extraordinaria celebrada o 13 de febreiro de 2015 por neno ter sido entregada os membros da Corporación con tempo suficiente para o seu exame.

2.- DACION DE CONTAS DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Rgto. de O.F. e R.X das Entidades Locais dáse conta o Pleno da Corporación das Resolucións adoptadas pola Alcaldía no período




comprendido entre o 13 de decembro de 2014 e o 12 de de febreiro de 2015, é que son as seguintes:

Nº	DATA	DESCRIPCIÓN
157	16-12-2014	Aprobación padron de contribuintes por recollida de lixo, 2015
158	16-12-2014	Autorización de uso do pavillón municipal p
159	18-12-2014	Baixa no padrón municipal de habitantes
160	23-12-2014	Autorización de uso do local social de Abade
161	26-12-2014	Autorización de uso do local social de Abade
1	09-01-2015	Autorización de uso do local social de Abade
2	12-01-2015	Alta no padrón municipal de habitantes
3	13-01-2015	Baixa no servizo de axuda no fogar
4	13-01-2015	Delegación competencias da Alcaldía
5	16-01-2015	Alta no padrón municipal de habitantes
6	21-01-2014	Solicitude axuds para fomento de emprego
7	22-01-2015	Autorización de uso dunha nave dorecinto ferial
8	22-01-2015	Solicitude de subvención para mellora de infraestructuras
9	24-01-2014	Autorización de celebración do "1º campeonato de andadura"
10	26-01-2015	Modificación do contrato laboral do peón de obras e servizos municipais
11	09-02-2015	Aprobación padrón fiscal abastecemento de auga e sumidoiro, 6 bimestre 2014
12	12-02-2015	Alta no padrón municipal de habitantes

A Corporación queda enterada

3.- POSTA EN COÑECHEMENTO DA CORPORACIÓN DO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DE PAGAMENTO NO 4º TRIMESTRE DE 2014

En cumprimento do establecido no art. 5º.4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, ponse en coñecemento da Corporación o informe sobre o cumprimento dos prazos de pagamento das obrigacións correspondente o 4º trimestre de 2014 elaborado polos servizos económicos do Concello, do que se deduce o cumprimento de prazos de pagamento durante ese periodo.



Official stamp and signature of the Corporation, dated 12 FEB 2015.



C O N C E L L O
DE
M O E C H E
(A CORUÑA)

Núm.

A Corporación queda enterada. **4.- ACTIVIDADE DE CONTROL DOS ORGANOS DE GOBERNO**

Neste punto prodúcense as seguintes intervencións:

Sra. Bascoy Maceiras:


- Pregunta se na paxina web están actualizados os horarios do castelo, o mes pasado estase a dar o caso de moitas persoas que veñen a velo en horarios que, según a paxina web esta aberto, e o atopan pechado, e necesario poñerse en contacto con Euroeune para saber cales son os horarios e si se cumpren
- Parece ser que o concello dirixiuse a Patrimonio para solicitar permiso para amañar o cristo de Rañal, ¿xa deron contestación? e en que sentido, porque cada vez esta en peor estado e é moi urxente amañalo. Resposta o Sr. Alcalde indicando que están autorizadas as obras, que se pretendían facer co persoal contratado nas cuadrillas da Deputación pero que cando chegou a autorización de patrimonio xa non daba tempo.
- Prega que por parte do concello se solicite a Euroeune unha memoria anual sobre a actividades no castelo, nº de visitas, ingresos recadados,, actividades realizadas etc... . O concello ten que saber o que ocorre no castelo
- No acordo da Xunta de Goberno pola que se saca a licitación o contrato das obras incluídas no plna marco de mellora de camiños falase de solicitar oferta a tres empresas e logo se citan catro, ¿cantas ofertas se fixeron. Respostase que foi un erro mecanográfico e que se solicitaron ofertas as catro empresas indicadas no acordo.
- Pregunta se se amañaron as varandas rotas na Ponte Nova, tal e como solicitara o BNG. Resposta o **Sr. Alcalde** dicindo que non .
- Pregunta se se amañaron as tapas dos sumidoiros en Vilachave, tal e como solicitara o BNG. Resposta o **Sr. Bouza Sedes** dicindo que vai a amañalas a empresa que as rompeu.
- Pregunta se se iniciou ou se vai a iniciar o expediente para eliminar a taxa por emisión de informes de exclusión das fincas na parcelaria, Resposta o **Sr. Alcalde** dicindo que non
- Pregunta cal é o criterio para ter acesas unhas farolas de alumado público e outras non, resposta o **Sr. Alcalde** indicando que onde hai casas e nos cruces mantéñense acesas as demais están apagadas. Volve a pregunta a Sra. Bascoy que sucede naquelas casa que teñen mais dunha farola, o alcalde sinala que en principio e unha farola por casa pero que onde hai mais non sabe.
- Roga se proceda o rebacheo da pista de Folgosa o Castelo
- Pregunta pola solicitude realizada a Deputación para a desafectación do edificio de protección civil, resposta o Sr. Alcalde indicando que a Deputación autorizou o cambio de uso do edificio
- Solicita que se colguen as actas da Xunta de Goberno na paxina web



- Pregunta se se vai a notificar os veciños a nova numeración das casas, Repostaselle que estanse a meter as modificacións no padrón de habitantes e que unha vez rematado se sacaran as notificacións os veciños
- Pregunta en que estado esta o PXOM e que pasa coas alegacións presentadas. Resposta o **Sr. Alcalde** indicando que acaba de falar cunha das arquitectas do equipo redactor para comunicarlle que vai a convocar pronto unha reunión para darlle para diante.
- O BNG ten solicitado varias veces que se adecentase o punto de verquido da feira. Resposta o **Sr. Alcalde** indicando que a Xunta clausurou o vertedeiro de Labacengos e agora aparecen na feira televisores, colchóns... A sema pasada quedou limpo, houbo que traer dous camións cunha bañeira especial e se levaron as Somozas, agora mesmo xa volve a haber verquidos, imos a poñer carteis e a intentar pechar para que non volvan a verter alí. A Sra. Bascoy pregunta quen vai a pagar iso e se hai algún informe dos técnicos municipais sobre as toneladas que se recolleron. Resposta o Sr. Alcalde indicando que paga o o concello e que a empresa pasará a factura do servizo, a Sra Bascoy indica que despois da experiencia das facturas anteriores seria preciso controlar as toneladas que se levaron.

E, non habendo mais asuntos que tratar polo Presidente levantase a sesion sendo as 19 horas e cincuenta e cinco minutos do dia indicado no encabezamento. Do que eu, Secretaria CERTIFICO

Vº e Pz
O ALCALDE



Asdo. Xulio Cribeiro Garcia

A SECRETARIA

